

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA SÚMASE AO DÍA DA EPOC CON INFORMACIÓN E PROBAS DIAGNÓSTICAS Á POBOACIÓN

- O 73 % das persoas que padecen esta patoloxía o descoñecen
- A área compostelá conta cunha Unidade de EPOC Multidisciplinar de Alta Complexidade, acreditada pola SEPAR, que trata nestes intres a preto de 600 doentes coa forma máis grave da patoloxía
- Estímase que en Galicia a EPOC aféctalle ao 16,3 % da poboación maior de 40 anos

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2023.- Hoxe é o Día da EPOC e profesionais do Servizo de Pneumoloxía da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza ofrecen información e realizan probas diagnósticas aos veciños que se achegan ata o patio da entrada principal do hospital Clínico de Santiago ao longo da mañá. A

Esta actividade, segundo subliña Carlota Rodríguez, pneumóloga do CHUS responsable da Unidade de EPOC, “ten fins divulgativos para dar a coñecer as características clínicas máis habituais da Enfermidade Pulmonar Obstrutiva Crónica (EPOC)” e coa realización de probas de detección, cobra gran importancia xa que se estima que o 73 % da poboación que padece esta patoloxía non o sabe. Ata a mesa achegouse pola mañá a xerente da área sanitaria compostelá, Eloína Núñez, quen agradeceu o seu labor a todos os profesionais desta unidade que “supón un exemplo de calidade asistencial e traballo multidisciplinar, cunha importante implicación investigadora”.

Aos visitantes facilitouse información sobre a enfermidade con diferentes folletos informativos e tiveron a oportunidade de realizar probas como a espirometría (COPD-6), pico de fluxo inspiratorio ou coximetría, así como coñecer diferentes dispositivos de inhalación, medidas de nutrición e outros hábitos saudables (o principal deixar de fumar) para evitar ou frear a evolución desta enfermidade.

A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza conta cunha consulta monográfica de EPOC grave, acreditada pola SEPAR (Sociedade Española de Patoloxía Respiratoria) como Unidade de EPOC Multidisciplinar de Alta Complexidade. A súa responsable, Carlota Rodríguez García, sinala que actualmente hai preto de 600 doentes en seguimento e que “dada a gravidade e complexidade destes pacientes, en caso de agudizacións, dispoñen dun acceso directo ao servizo de pneumoloxía a través do Hospital de Día do servizo”.

A unidade conta coa colaboración dunha enfermeira xestora de casos que leva a cabo tarefas de educación inhalatoria, seguimento dos pacientes en programa pretrasplante e en programa de teleasistencia domiciliaria. Os doentes con EPOC grave da área sanitaria compostelá contan tamén cun programa de rehabilitación respiratoria, atendido por un fisioterapeuta específico.

Gran participación en ensaios clínicos

Esta unidade ten participado en numerosos traballos de investigación e publicacións nos últimos anos, destacando unha publicación recente no CHEST, revista de primeiro decil, cuxa primeira autora é a doutora Rodríguez e no que se destaca o reto que supón o diagnóstico da EPOC naqueles pacientes que non fumaron. O Hospital Clínico participa actualmente en 8 ensaios clínicos con fármacos para a EPOC, sendo un dos centros nacionais que ten máis doentes que se benefician destas novidades terapéuticas, de feito Carlota Rodríguez ven de expoñer a experiencia da sanidade pública compostelá neste eido nunha reunión internacional de expertos celebrada en Dublín a semana pasada. Un destes ensaios é un novo fármaco baseado nun anticorpo monoclonal que busca unha nova estratexia terapéutica para aqueles doentes graves con EPOC que non responden aos tratamentos actuais.

Por outra banda, a doutora Rodríguez engade que na consulta de EPOC grave aténdense tamén pacientes con Déficit de Alfa 1 antitripsina (DAAT), "a principal causa xenética e, por tanto, non modificable da EPOC", así "actualmente temos 31 pacientes graves de DAAT que reciben tratamento cada 15 días no Hospital de Día" subliña, e máis de 150 a seguimento na consulta.

A Unidade colabora co rexistro EARCO un proxecto internacional, situándonos actualmente o 4º posto mundial con maior número de pacientes atendidos. O seu obxectivo é aumentar o coñecemento no diagnóstico, prognóstico e tratamento desta enfermidade.

Segundo os datos do Estudo EPISCAN II (2019) referentes á nosa comunidade, a EPOC aféctalle a un 16,8% da poboación galega maior de 40 anos. Este mesmo estudio revela que o 73 % das persoas galegas que a padecen non están diagnosticadas. Unha das causas desta infradiagnose é o descoñecemento que hai sobre esta patoloxía por parte da poboación xeral, así, o estudo CoñecEPOC revela que tan só o 40% dos galegos saben que é a EPOC. Entre as persoas que descoñecen esta enfermidade, o 21 % son fumadores.

Saúdos do Gabinete de Comunicación e Imaxe